

**Calidade e seguridade clínica
cara ao novo Montecelo**

*Calidad y seguridade clínica
hacia el nuevo Montecelo*



**XUNTA
DE GALICIA**

Calidade e seguridade clínica cara ao novo Montecelo

Dr. Jorge García-Borregón

Dr. Modesto Martínez Pillado



Autoría: Dr. Jorge García-Borregón, [Capítulo 2].
Dr. Modesto Martínez Pillado [Capítulo 1,3,4]

Tradución: Lidia Campos Chan

Título: Calidade e seguridade clínica cara ao novo Montecelo

Edita: Xunta de Galicia
Servizo Galego de Saúde
Consellería de Sanidade
Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés.
Subdirección de Humanización, Calidad e Atención a la Ciudadanía.

Maquetación: Tórculo Comunicación Gráfica, S.A

Lugar e ano de edición: Pontevedra, 2021

TÁBOA DE CONTIDO

SÓ ESCOITANDO PODEMOS MELLORAR	7	
IMPULSO Á DOCENCIA E Á CALIDADE CARA AO GRAN MONTECELO	9	
10 FITOS	10	
1 MELLORANDO A CALIDADE E A COORDINACIÓN ASISTENCIAIS	11	
Relacións preferentes con unidades asistenciais e outros dispositivos	25	
Xestión efectiva de calidade e seguridade na área Clínica, Área Cirúrxica e de Soporte	25	
2 MELLORANDO A SEGURIDADE	29	
Liñas de traballo que se asentan nas estratexias do SERGAS	29	
Seguridade do paciente: SiNASP Plataforma de Comunicación de Incidentes..	31	
Seguridade do paciente Listaxe de verificación cirúrxica (LVQ)	33	
Infeccións relacionadas coa asistencia sanitaria Programas Zero (pneumonía, bacteriemia, resistencia)	33	
Infeccións relacionadas coa asistencia sanitaria Programa de fomento da hixiene de mans	34	
Infeccións relacionadas coa asistencia sanitaria CÓDIGO SEPSE	34	5
3 ACCIÓNS E CRONOGRAMAS EN CALIDADE ASISTENCIAL	37	
Diminución da variabilidade da práctica clínica Proxecto: Implementación “Non facer”	37	
Diminución da variabilidade da práctica clínica Desnutrición Zero	37	
Certificación e acreditación de servizos ou unidades e actividades: ISO	37	
Certificación e acreditación de servizos ou unidades e actividades: GETECCU ..	37	
Certificación e acreditación de servizos ou unidades e actividades: Servizo de Medicina Intensiva	37	
Certificación e acreditación de servizos ou unidades e actividades: normalización dos protocolos.	38	
Certificación e acreditación de servizos e unidades e actividades: Outros recoñecementos en calidade.	38	
Mellora da satisfacción do usuario	38	
4 CERTIFICANDO CON CALIDADE	39	
Accións de comunicación e sensibilización	39	
Avaliación e mellora	39	
Desenvolvemento de estratexias de investigación	41	

ANEXOS	45
Anexo 1. Rexistro de protocolos código 19	45
Anexo 2. ENQUISA DE SATISTACCIÓN PARA FUTUROS RESIDENTES	46
Anexo 3. RESULTADOS DA ENQUISA DE SATISTACCIÓN PARA FUTUROS RESIDENTES.....	48
Anexo 4. Programa de hixiene de mans. Avaliación respecto do estándar por ano citado e referencia	49
Anexo 5. Hospitais sen fume. Resultados e avaliación	49
BIBLIOGRAFÍA	51

Cara ao novo hospital Gran Montecelo con calidade e seguridade clínica

Jose Ramón Gómez Fernández. Xerente da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés

SÓ ESCOITANDO PODEMOS MELLORAR

Mentres escribo estas liñas, estamos nun momento álxido da pandemia, vivindo situacións que nunca imaxinabamos que poderían ser reais. Xa chegará o momento adecuado para pensar en como poderemos mellorar para continuar ofrecéndolles o mellor aos nosos pacientes e aos seus familiares. Non esqueceréi nunca os pacientes que tiveron que estar sós nesta pandemia, non deixo de pensar neles. Agora ben, de forma paralela, esta pandemia mostrounos respostas que convidan ao optimismo. Profesionais cun compromiso na máis pura esencia do profesionalismo, no mellor sentido da palabra.

Enlazo co obxectivo desta presentación sobre “calidade e seguridade clínica cara ao novo Montecelo”. Chegamos ata aquí precisamente por todo o que fixemos. Somos unha organización que dá os mellores resultados cando traballa en rede e que debería sentirse orgullosa dos logros que conseguiu. Contemplo os recoñecementos que obtivemos na mellora da seguridade clínica, na mellora da satisfacción do paciente e en innovación, como mostra dese compromiso profesional e das ganas de mellorar con calidade e seguridade.

Os fitos conseguidos (diminución das infeccións relacionadas coa asistencia sanitaria ou os resultados de bioseguridade ambiental) evidencian como logramos unha coordinación cos distintos dispositivos asistenciais. Creáronse equipos na área asistencial e non asistencial; levouse a cabo unha importante actualización de procedementos e protocolos; logrouse a certificación e acreditación de calidade; desde hai máis dun lustro, adquiriuse o compromiso ambiental; establecéronse medidas de coordinación e xestión, obxectivos por etapas, tal e como pode comprobarse no cronograma; estendemos o SiNASP (Sistema de Notificación e Aprendizaxe para a Seguridade do Paciente) a tres novos centros de atención primaria (AP): o noso compromiso é estendelo a toda a área, sen esperar pola construción do novo hospital. Se a todo isto lle sumamos a responsabilidade social corporativa coas asociacións de pacientes, podemos confirmar que estamos nun bo camiño.

Estamos en marcha cara ao novo hospital. É un grande investimento en saúde e unha grande oportunidade que temos todos para mellorar como rede: atención primaria, atención hospitalaria e atención sociosanitaria. Debemos dar a mellor resposta posible a esta oportunidade. Non se trata só de construír un hospital único, trátase tamén de aproveitar a oportunidade única que se nos brinda para planificar, executar, avaliar e mellorar. Este documento fainos sentir moi orgullosos do que conseguimos e convértese nun punto de apoio para dar un salto para melloralo aínda máis. Só escoitando podemos mellorar, empezando polos pacientes. A eles debémonos e danlle sentido á nosa área sanitaria.



Cara ao novo hospital Gran Montecelo con calidade e seguridade clínicas
Dr. Jorge García Borregón Millán. Subdirector de Humanización, Calidade e Atención á Cidadanía

IMPULSO Á DOCENCIA E Á CALIDADE CARA AO GRAN MONTECELO

A mellora da calidade orientada á asistencia baseada en valor combínase cunha participación máis activa dos pacientes na seguridade clínica, onde os PROMS (resultados reportados polo paciente –Patient-Reported Outcome Measure–) e os PREMS (experiencia reportada polo paciente –Patient Reported Experience–) son propostas na raíz dun novo modelo de relación co paciente e os seus achegados. Nada alleo, por outra banda, a cambios de relación da cidadanía coa Administración. A Lei 19/ 2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, ordena o acceso da cidadanía a información e a datos que antes se consideraban de uso interno.

Na Estratexia 2020 do Servizo Galego de Saúde, a misión defínese como “Mellorar a saúde da cidadanía a través da prestación de servizos sanitarios asistenciais efectivos, eficientes e de calidade de forma equitativa e sustentable, garantindo os dereitos e deberes dos pacientes”. A calidade non é unha suma de dimensións. A avaliación das propostas en termos de valor achegado ou a adecuación da asistencia ou a efectividade ou a satisfacción percibida implican darlle prioridade a unha dimensión sobre outra. Ademais, esas dimensións poden ser cambiantes co tempo.

Continuamos coa mellora da seguridade clínica: a implantación do CÓDIGO SEPSE; a incorporación de tres novos centros de saúde a SiNASP, o que nos permite dar unha cobertura do 60 % da poboación de referencia; os programas institucionais: ZERO toma forma na certificación obtida polo servizo de coidados intensivos; as normas ISO 9000 promoven a adopción dun enfoque baseado en procesos: tras a adaptación á nova versión, mantemos as certificacións, ás que lles sumamos o Servizo de Dermatoloxía, xunto coa importantísima ISO 14001. Conseguimos recoñecementos en seguridade clínica, en experiencia do paciente, a certificación da Unidade de Enfermidade Inflamatoria Intestinal (EII).

Nestes momentos de transparencia, onde os pacientes nos piden unha maior participación, preséntasenos a oportunidade de adaptar o noso futuro hospital a propostas de mellora de pacientes e profesionais. Afrontaremos melloras na indicación de antibióticos, en programas de hixiene de mans, así como en definir un novo modelo de relación cos pacientes. A pandemia é o necesario momento de cambio que debemos aproveitar.

O impulso á docencia foi espectacular. As incorporacións en formación MIR (médico interno residente) do Servizo de Uroloxía, de Reumatoloxía, de Endocrinoloxía e de Cardioloxía, ademais dunha nova praza en Pediatría, súmanse á xornada de portas abertas a residentes.

Cara ao novo hospital, continuaremos mellorando a Área de Calidade e Seguridade Clínica, cunha visión en conxunto.

10 FITOS

1. **CÓDIGO SEPSE:** implantación e avaliación.
2. **HOSPITAL SEN FUME:** equipo de mellora.
3. **PROGRAMA FACER_NON FACER:** institucional.
4. **Plan de minimización de riscos microbiolóxicos:** melloraron os indicadores. O risco de incidencia de infección nosocomial foi de 1.5 infeccións por cada 100 ingresos (1.9 no ano anterior) e a taxa de incidencia foi de 2.6. Diminuíu nun 21 % tanto o risco de incidencia como a taxa de infección relacionada coa asistencia sanitaria.
5. **Programa Cirurxía Segura:** incorporámonos ao Programa CIRURXÍA SEGURA; somos a primeira área sanitaria de Galicia.
6. Propuxéronse máis de 150 medidas como consecuencia da análise realizada dos incidentes comunicados. Entre outras, destacamos alertas en boletíns (boletín Q-calidade), alertas inmediatas (correos electrónicos, verbais...), cambio na organización física, adquisición de material, modificación de protocolos, ademais de sesións, formación ou reunións/comunicacións, así como a revisión técnica de equipamentos.
7. **SOMOS + SEGURIDADE CLÍNICA:** acceso a SiNASP, plataforma de comunicación de incidentes. Sabías que melloramos a seguridade clínica? Incorporáronse os centros de saúde de Caldas de Reis, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa. O número de servizos de atención primaria adheridos / total poboación pasou a ser o 58 % da poboación de referencia. Premio FiDisP á mellora da seguridade clínica.
8. **SOMOS + AMBIENTAL_MENTE_SUSTENTABLES:** coidamos a nosa contorna, coidamos o noso ambiente e contribuímos a un medio ambiente natural. Sabías que medimos a pegada de carbono? Sabías que non incrementamos as emisións de CO₂ á atmosfera desde o ano 2017? Sabías que logramos diminuír o consumo e as emisións por combustibles fósiles? Diminuímos o noso impacto no medio ambiente. Diminuímos o 13 % do consumo de osíxeno (<13 %), nitróxeno (<53 %), enerxía eléctrica (<6 %) e gas natural (<2 %).
9. **SOMOS + DOCENTES:** máis formación especializada ca nunca. Sabías que contamos con 155 residentes e o acceso a 52 prazas por ano de formación especializada? Incorporamos formación MIR (médico interno residente) en cardioloxía, endocrinoloxía e nutrición, uroloxía e reumatoloxía. E tamén incorporamos formación EIR (enfermeiro interno residente) en pediatría, saúde mental e unha praza máis das especialidades de medicina de familia e comunitaria e de pediatría e as súas áreas específicas. O Centro de Atención Primaria Virxe Peregrina incorporouse á docencia MIR de Medicina de Familia
10. **PREMIOS NACIONAIS BEST PRACTICE:** Servizo de Dermatoloxía (2019), Servizo de Dixestivo (2020), Servizo de Dermatoloxía 9001:2015, nova certificación.

CARA AO NOVO GRAN MONTECELO EN PREMIOS E RECOÑECEMENTOS Á MELLORA DA CALIDADE E A SEGURIDADE CLÍNICA

Seguridade clínica



11



PREMIO FIDISP EN SEGURIDADE DO PACIENTE

Servizo de Farmacia.

Programa AIR Farmacia: estratexia de mercadotecnia para a identificación de riscos sanitarios. Considerouse a súa calidade científica, a súa innovación, a súa aplicabilidade para outros centros sanitarios e a súa capacidade de motivación sobre os profesionais, xerando cultura de seguridade do paciente nas organizacións.

CERTIFICACIÓN DE CALIDADE



12

2019 Certificación GETECCU

Servizo de Cirurxía Xeral e Dixestiva e Servizo de Dixestivo

(Certificación da Unidade de Enfermidade Inflamatoria Intestinal polo Grupo Español de Traballo en Enfermidade de Crohn e Colite Ulcerosa. Fai a entrega o Conselleiro de Sanidade).

CERTIFICACIÓN CALIDADE



2019 CERTIFICACIÓN PROGRAMAS ZERO:

Ministerio de Sanidade

SERVIZO de COIDADOS INTENSIVOS

(PROGRAMAS BACTERIEMIA ZERO, PNEUMONÍA E RESISTENCIA ZERO).

CERTIFICACIÓN CALIDADE



CERTIFICACIÓN IHAN

(OMS e Unicef)

HOSPITAL DO SALNÉS

(Fase4_Acreditación de calidade que outorgan a Organización Mundial da Saúde (OMS) e Unicef como centro IHAN, Iniciativa para a Humanización da Asistencia ao Nacemento e á Lactación).

CERTIFICACIÓN CALIDADE



16

PREMIOS FUNDACIÓN ECO PARA A EXCELENCIA E A CALIDADE DA ONCOLOXÍA

FINALISTA: *Servizo de Farmacia*

BD Cato®. SISTEMA DE PREPARACIÓN DE MEDICAMENTOS PERIGOSOS.

Preparación gravimétrica de medicamentos perigosos.

INNOVACIÓN



17

PREMIO INNOVACIÓN IESE Healthcare e Managment Center

FINALISTA: *Unidade de Calidade.*

"e-YOUNG CHRONICS, unha nova categoría de pacientes".

Accésit. Categoría 1: Iniciativas de transformación dos modelos actuais de xestión cara ao modelo de xestión baseada no valor.

INNOVACIÓN




18

I PREMIO DE INNOVACIÓN EN SAÚDE DO SISTEMA PÚBLICO DE SAÚDE DE GALICIA
FINALISTA: *Unidade de Calidade.*
"e-young cronichs: unha nova categoría de pacientes".
Categorías Profesionais.



Premios New Medical Economics
FINALISTA.
2020 Categoría 'Promoción da innovación'.
Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés. Hospital Montecelo.

CALIDADE PERCIBIDA



21 CONGRESO NACIONAL DE HOSPITALES Y GESTIÓN SANITARIA

Innovación: camino de sostenibilidad | Innovación: camiño da sustentabilidade

Santiago de Compostela | 8, 9 y 10 de mayo de 2019

MELLOR PROXECTO DE INVOLUCRACIÓN DE PROFESIONAIS SANITARIOS FINALISTA.

2019 PROGRAMA AIR FARMACIA: Deseño dunha estratexia de mercadotecnia para a identificación de riscos sanitarios”.

19



PREMIOS REDACCIÓN MÉDICA 2019⁴
CATEGORÍA: ACCIÓN EN RSS: Finalista.
Proxecto de terapia musical “Un mes, un son”.

CATEGORÍA: XERENCIAS INTEGRADAS: Finalista.
Alta tecnoloxía 3D+4K. Servizo de Cirurxía.

XESTIÓN E DIRECCIÓN



20

2201 XI CONGRESO NACIONAL DE ATENCIÓN AO PACIENTE CRÓNICO⁵.
Premio á mellor comunicación na categoría de proxectos de investigación.

PREMIOS
NEW MEDICAL ECONOMICS
2020

ME

2020_Premios New Medical Economics
Finalista.
Hospital público con mellor xestión.
Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés.

XESTIÓN E DIRECCIÓN



22



PREMIOS BIC Best in Class 2020

Servizo de Dixectivo.
PREMIO NACIONAL.
Proceso Hepatite C.

XESTIÓN E DIRECCIÓN



23

2020 Premios Best in Class (BiC)

Finalista.

Mellor Hospital.

Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés.

2020 Premios Best in Class (BiC)

Candidaturas finalistas:

Servizo de Anestesioloxía e Reanimación.

Servizo de Dermatoloxía.

Servizo de Microbioloxía.

Unidade de Alerxia.

Farmacia Hospitalaria no Servizo de Oncoloxía.

Servizo de Patoloxía Dixestiva e Unidade de Hepatite C.

Servizo de Microbioloxía.



CARA AO NOVO GRAN MONTECELO

Mellorando a calidade e a coordinación asistenciais

Relacións preferentes con unidades asistenciais e outros dispositivos

Nunha recente enquisa, os cinco principais problemas de mellora da calidade vincúlanse coa hixiene de mans, os problemas de comunicación interprofesionais, os erros da medicación, a baixa comunicación de incidentes de problemas de seguridade clínica e de efectos adversos e coa inadecuación de antibióticos, que contribúe ao incremento da resistencia microbiana.

Dentro da estratexia xeral da área sanitaria, aquí podes atopar estratexias para mellorar a calidade e a seguridade clínica en procesos asistenciais, cirúrxicos e de soporte, en liña con eses principais problemas de calidade sinalados anteriormente.

Xestión efectiva de calidade e seguridade na Área Clínica, Área Cirúrxica e en áreas de Soporte

- Mellora das infeccións relacionadas coa asistencia sanitaria: Programas ZERO e Sistema de vixilancia da incidencia da infección nosocomial global.

A mellora da adecuación de antibióticos trata de afrontar o grave problema da resistencia microbiana. Para iso, o seguimento dos programas ZERO e PROA, acompañados dun programa para a mellora da hixiene de mans, está orientado cara á mellora das infeccións relacionadas coa asistencia sanitaria (IRAS).

O estudo das IRAS é complexo e require unha abordaxe metodolóxica que permita obter información de calidade, homoxénea, representativa e comparable dentro do hospital e entre hospitais de todo o país. Por exemplo, ao non utilizar unha revisión sistemática dos pacientes ingresados, o sistema pode infraestimar a contía do risco e a taxa de incidencia. Agora ben, a procura activa de casos a partir de fontes primarias de información (revisión sistemática) e a revisión diaria de todos os cultivos microbiolóxicos, xunto coa radioloxía torácica, melloran a precisión.

- Programa PROA (Programa de Optimización de Antimicrobianos). Logrouse mellorar a indicación de antibióticos cun equipo de implantación e mellora do programa.

Os programas de optimización de antimicrobianos (PROA) son unha ferramenta efectiva para garantir o uso racional dos antibióticos. Por exemplo, no hospital La Fe, de Valencia, logrouse unha redución dun cuarto do consumo total de antimicrobianos. Un total de 218 episodios infecciosos en 182 pacientes foron avaliados por PROA en 61 reunións. A implantación conduciu a unha redución significativa da prescrición de penicilinas + inhibidores de b-lactamasas, linezolid, cefalosporinas e aminoglucósidos. Noutros hospitais nos que se interveu, existe un rexistro informatizado de microorganismos multirresistentes, cunha avaliación diaria (vixilancia activa nas unidades de cuidados intensivos (UCI) polivalentes, programas ZERO –como tamén dispoñemos na nosa área–), coa monitorización da densidade de incidencia de *Staphylococcus aureus* resistente a meticilina (SARM) nosocomial de nova adquisición ou de *Acinetobacter Baumannii*⁸.

Os programas de optimización de antimicrobianos (PROA) deben de ir acompañados dunha mellora na hixiene de mans. Unha posible mellora pasa por incorporar no alcance a atención socio-sanitaria¹. Logrouse a través dun modelo na atención e seguimento do consumo de antibióticos, conseguindo unha redución do 60 % no consumo de carbamepenes, coa optimización diaria destes fármacos. Outra mellora pasa por establecer módulos de vixilancia en próteses de cadeira, xeonllo, cirurxía de colon etc., que nos permitirán a comparación, participando na plataforma SiViEs, que xestiona o Centro Nacional de Epidemioloxía do Instituto de Saúde Carlos III.

Destacar a participación da nosa organización na Rede Nacional de Vixilancia Epidemiolóxica, dentro do Sistema nacional de vixilancia das infeccións relacionadas coa asistencia sanitaria (IRAS). Facemos a monitorización a través dos seguintes sistemas de vixilancia:

1. Sistema de vixilancia de incidencia de infección nosocomial global (SVIIN-G).
2. Sistema de vixilancia de incidencia de infección nosocomial de procedementos e servizos específicos (SVIIN-PSE) de unidades de críticos (Unidade de Reanimación, UCI):
 - a) Bacteriemias asociadas a catéter central.
 - b) Pneumonías asociadas a ventilación mecánica.
 - c) Infeccións urinarias asociadas a catéter vascular.
 - d) SVHN-PSE en unidades de críticos.
 - e) SVHN-PSE na Unidade de Reanimación (Sistema de vixilancia de incidencia de infección nosocomial de procedementos e servizos específicos [SVIIN-PSE]).
3. Sistema de alerta epidemiolóxica de infección (SAEI).
4. Sistema de verificación microbiolóxica da bioseguridade ambiental (SVM-BSA).
5. Sistemas de verificación da calidade da auga de consumo humano (SVC-ACS).
6. Sistemas de verificación e control da Legionella ambiental (SVC-Legionella).
7. Sistema de verificación e control da auga purificada de hemodiálise e do líquido de dializado (SCV-hemodiálise).
8. Sistema de verificación microbiolóxica das cociñas hospitalarias (SVM-cociñas).
9. Sistema de verificación do cumprimento da hixiene de mans e uso adecuado de luvas (SVC-HdeM e luvas).
10. Sistema de verificación e control da calidade obxectiva (con inmunofluorescencia) da limpeza de superficies.

- Mellora da seguridade clínica: novos servizos SiNASP en atención primaria. Desde a implantación da plataforma SiNASP, non se incorporaran novos centros de saúde. Coa incorporación de Vilanova, Vilagarcía de Arousa e Caldas de Reis, a plataforma está á disposición de profesionais que lle prestan atención ao 58 % da poboación de referencia. Nesta liña, continuaremos incorporando os nosos centros de saúde..

O obxectivo do sistema de notificación é a mellora da seguridade dos pacientes a partir da análise de situacións, problemas e incidentes que lles produciron, ou poderían producir, danos. A énfase principal do sistema está na aprendizaxe para a mellora.

- Seguridade na área do medicamento: puxemos en marcha, entre outras accións, a implantación da PRESCRICIÓN ELECTRÓNICA, sumado ao proceso gravimétrico BD Cato® (Servizo de Farmacia).

Queremos citar tamén Pharmasuite como aplicativo que permitiu a estandarización. O seu valor engadido é a mellora da práctica farmacéutica da preparación de medicamentos con trazabilidade total e baixo criterios de boas prácticas de elaboración e control de calidade, partindo dunha ou varias materias primas ata a formulación final do produto acabado, listo para o seu uso. É unha innovación que se pode estender aos demais servizos de farmacia de calquera hospital, xa sexa do Sistema Nacional de Saúde ou do sector privado. .

- Programa Cirurxía Segura: Incorporámonos ao programa CIRURXÍA SEGURA e somo a primeira área sanitaria de Galicia que participa neste proxecto do MINISTERIO DE SANIDADE..

As infeccións do sitio cirúrxico máis frecuentes foron as bacteriemias, seguidas das infeccións do tracto urinario (ITU). Os microorganismos illados con máis frecuencia foron *Escherichia coli* meticilino sensible e *Enterococcus faecalis*. Diminuímos nun 10 % o risco de infección do lugar cirúrxico.

- Plan de minimización de riscos microbiolóxicos: melloraron os indicadores de infección nosocomial respecto do ano 2018 na totalidade das unidades do CHOP. O risco de incidencia de infección nosocomial foi de 1.5 infeccións por cada 100 ingresos (1.9 no ano anterior) e a taxa de incidencia, de 2.6. Diminuíu nun 21 % tanto o risco de incidencia como a taxa de infección relacionada coa asistencia sanitaria.

No contexto do Plan de minimización de riscos microbiolóxicos realízanse programas de vixilancia, prevención e control en relación coas infeccións relacionadas coa asistencia sanitaria (IRAS) e a bioseguridade ambiental (Táboa 1).

Táboa 1. Sistema de vixilancia de incidencia da infección nosocomial global (SVIIN-G) por indicador e ano.

	2018	2019	n	%
Risco de incidencia de infección nosocomial (IN) por cada 100 ingresos	1,9	1,5	0,4	21%
Taxa de incidencia de IN POR CADA 1000 ESTANCIAS	3,3	2,6	0,7	21%
Risco de incidencia de infección do sitio cirúrxico	2	1,8	0,2	10%

- **Implantación de programas institucionais:**

27

- **PROGRAMA INSTITUCIONAL DE PREVENCIÓN DO SUICIDIO.** Participación no documento de consenso. Implicou a atención primaria e a hospitalaria, ademais dos servizos de atención social.

- A DIMINUCIÓN DA **VARIABILIDADE DA PRÁCTICA CLÍNICA TRATOUSE DE ABORDAR a través do PROGRAMA INSTITUCIONAL “FACER-NON FACER”.**



CARA AO NOVO GRAN MONTECELO

Mellorando a seguridade clínica

Liñas de traballo que se asentán nas estratexias do SERGAS

A **sensibilización e a creación da cultura de calidade** foméntase a partir de intervencións (por exemplo, roldas de seguridade clínica en críticos), plataformas de comunicación de incidentes (SENSAR, SiNASP), retroalimentación de resultados en seguridade clínica (Q-Boletín e outros), así como coa coordinación SiNASP e SENSAR para incidentes de seguridade da Área Cirúrxica.

Coordináronse accións dirixidas a incrementar a seguridade do paciente e mellorar a calidade asistencial. Levouse a cabo con servizos asistenciais e non asistenciais e comités técnicos sanitarios implicados (por exemplo, a campaña "A cultura de seguridade clínica: 10 RECOMENDACIÓNS CORRECTAS").

Tomáronse máis de 150 medidas como consecuencia da análise realizada dos incidentes comunicados: alertas nos boletíns (boletín Q-calidade), alertas inmediatas (correos electrónicos, verbais...), cambios na organización física, adquisición de material, modificación de protocolos, ademais de sesións, formación ou reunións/comunicacións, así como revisións técnicas.

- Seguridade clínica do paciente **planificación e mellora da seguridade dos coidados**

Dentro das accións para mellorar a seguridade e a calidade asistencial, sinalamos, en primeiro lugar, os programas institucionais. A identificación inequívoca de pacientes, o uso seguro do CLK, a prevención de caídas e a atención de úlceras por presión relacionadas coa planificación dos coidados, xunto coa estratexia de atención integral á dor, constitúen os principais programas institucionais para a mellora da seguridade clínica.

A **identificación inequívoca de pacientes** está en datos de excelencia.

29

Relacionado cos coidados, os indicadores sobre a evolución da flebite periférica experimentaron unha mellora do 27 % interanual e dun 38 % acumulado nos últimos tres anos.

En canto ás **caídas**, como problema de seguridade clínica, conséntase un incremento dun 7 % interanual e dun 17 % agregado os dous últimos anos, probablemente ligado ao incremento nun 3 % da fragilidade de pacientes con risco de caídas.

A avaliación da quinta constante, a **dor**, supera o estándar do 80 % e situámonos a un paso de acadar o 90 %. En canto ás **úlceras por presión** (UPP), aumentou un 2 % o risco de UPP nos pacientes (acumulado nos dous últimos anos).

Na **planificación de coidados**, a valoración ao ingreso supera o 96 % no ano 2019. Os informes de continuidade de coidados no momento da alta foron o 73 %, e aínda que non alcanzan o estándar, o 80 %, soben un 36 % nun só ano, no camiño de mellorar a atención asistencial en rede (Táboa 2).

Táboa 2. Indicadores nos programas corporativos do SERGAS en planificación e mellora da seguridade dos coidados.

	ESTANDAR	2016	2017	2018	2019	2019vs2018	2019vs2017	
FLEBITE PERIFÉRICA	% pacientes con vía periférica que desenvolven flebite / total de pacientes con vías rexistradas		1	0,9	1,1	0,8	-27%	-11%
	% vías periféricas que desenvolven flebite / total de vías IV rexistradas	<3%	0,8	0,8	0,9	0,6	-33%	-25%
IDENTIFICACIÓN INEQUÍVOCA	% identificación [% pacientes correctamente identificados / total de pacientes ingresados].	100%			92	97	4%	
INCIDENCIA DE CAÍDAS	% incidencia de caídas (n.º de caídas declaradas / n.º de estancias nese período de tempo, multiplicado por 1000).	≤ 1 ‰	1,1	1	1	1,1	7%	10%
	Proceso de prevención de caídas. % valoración [pacientes con valoración do risco de caídas rexistrada nalgún momento do ingreso]	≥ 90%	80,3	97,2	98,2	96,9	-1%	0%
	Pacientes con risco de caídas e aplicación de coidados. [pacientes valorados como de risco de caídas (baixo, medio ou alto) aos que se lles planifican actividades de enfermería de prevención / pacientes de risco].	≥ 90%	82,1	85,4	86,7	88,1	2%	3%
VALORACIÓN DA DOR	Valoración da dor. % con valoración da dor na gráfica de constantes (pacientes que ingresaron [externos + traslados] na unidade e que foron valorados [en gráfica] en relación co número total de ingresos na mesma unidade e período).	≥ 80%	86	85,9	87,1	86,9	0%	1%
ÚLCERAS POR PRESIÓN	Rexistro de pacientes adultos con úlceras. % de UPP intraunidade (porcentaxe de UPP intraunidade aparecidas no período de estudo entre o número total de ingresos).	<1,85	1	1,2	1,3	1,3	-5%	8%
	Proceso de prevención de úlceras por presión. % valoración [pacientes con valoración do risco de UPP (escala Braden) nalgún momento do ingreso / número total de ingresos].	>90%	80	97	97,9	96,3	-2%	-1%
	Pacientes con risco de UPP e aplicación de coidados. % pacientes con risco de UPP e aplicación de coidados [pacientes valorados como de risco de UPP (baixo, medio ou alto) aos que se lles planifican actividades de enfermería de prevención / número total de pacientes de risco].	>90%	87,3	93,2	92,3	94,3	2%	1%

PLANIFICACIÓN DE COIDADOS	Valoración de enfermería ao ingreso. Pacientes con valoración de enfermería realizada (contendo, polo menos, un signo ou síntoma) despois das 24 horas do ingreso / total de pacientes ingresados no momento do estudo).	>90%	91,4	94,3	96,4	2%	5%
	Informe de continuidade de cuidados de enfermería (ICC). (% pacientes dados de alta externa (a domicilio ou a outro hospital) con ICC elaborado).	≥ 85%	95,9	54	73	36%	-23%
	Plan de cuidados individualizado. (% pacientes con planificación que teñen un plan de cuidados individualizado (con, polo menos, un diagnóstico real ou potencial) elaborado despois das 24 horas do ingreso / total de pacientes ingresados).	>90%	55	57	67%	17%	21%
	Planificación total. % de pacientes con plan de cuidados, tanto estándar como individualizado (con, polo menos, un diagnóstico real ou potencial) elaborado despois das 24 horas do ingreso / total de pacientes ingresados. Considéranse como non aplicables os pacientes que levan ingresados menos de 24 horas.	>90%	99	98	98	1%	-1%

Outros indicadores: o indicador relacionado con fugas vasculares respecto do ano 2018 pasou de 13 a 7 no 2019.

Táboa 3. Indicadores de seguridade relacionados con procedementos vasculares e outros indicadores.

	2019
Taxa de incidencia de fugas (‰ estancia)	0.03
- N.º de episodios con vías centrais	2,2%
- N.º de episodios con vías periféricas	76,3%
Total de pacientes con ALTA de enfermería	21196
N.º de informes de continuidade de cuidados de enfermería en GACELA	14259
% de pacientes con informe de alta (85 %)	67%

(xan.-set. 2019)

- **Seguridade do paciente:** SiNASP Plataforma de Comunicación de Incidentes

SINASP: Incorporáronse os centros de saúde de Caldas de Reis, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa. O número de servizos de atención primaria adheridos / total poboación pasou a ser un 58 % da poboación de referencia.



Táboa 4. Evolución de notificacións na área sanitaria por ano.

	2015	2016	2017	2018	2019	2015 vs 2019
SERGAS	1861	1935	1717	1842	2080	11%
Área	185	172	187	183	290	36%

Os incidentes representan o 10 % de todos os comunicados en hospitais. Con todo, en AP mantense estable. O 12 % das notificacións SiNASP no SERGAS realízanse desde esta área sanitaria. Entre 2015 e 2019, as comunicacións de incidentes incrementáronse nun 55 %, mentres que no SERGAS este aumento foi dun 15 %.

Táboa 5. Relación de incidentes en SINASP por ano e área sanitaria vs SERGAS.

	2015	2016	2017	2018	2019	2019 vs 2015
ASPS	191	227	202	200	296	55%
SERGAS	2089	2349	2036	2150	2399	15%

- **Áreas de notificación:** a principal está relacionada co medicamento, do mesmo xeito ca o resto das áreas sanitarias. Con todo, no conxunto do SERGAS a súa aparición porcentual pasou do 20 % no ano 2015 ao 16 % no ano 2019. A continuación, seguen como áreas de notificación as relacionadas coa xestión organizativa e os recursos (10 %), seguidas de todas aquelas relacionadas con equipos dispositivos.

Nas unidades de hospitalización constátanse o 38 % en 2019, seguidas de urxencias (9 %), servizos centrais (9 %) e bloque cirúrxico (9 %), consultas (8 %), Unidade de Coidados Intensivos (7 %) e hospital de día (7 %), que conforman o 75 % dos incidentes comunicados por área.

As causas contribuíntes foron o 32 % relacionadas con factores da organización (normas, recursos humanos, cultura, problemas de traballo en equipo), seguidas de factores profesionais, o 32 % (vinculados a formación, comportamento, comunicación, factores estresantes), da contorna traballo / instalacións / equipamento, o 24 %, e, por último, factores relacionados co paciente, o 4 %.

En SENSAR, a plataforma da Área Cirúrxica, comunicáronse 46 incidentes no ano 2019, co quirófano (en primeiro lugar) e a área do medicamento (42 %) como máis frecuentes.

- **Segundo o nivel de risco:** a severidade dos pacientes (SAC –Severity Assessment Code– 1 e 2) diminuíu respecto do ano 2015. Incrementouse desde o ano 2015 ao 2019 de 191 a 296 incidentes o número de notificacións SAC 1 e SAC 2, nas que estivo indicado realizar unha árbore causa raíz (ACR) sobre o total de notificacións SAC 1 e 2 (12,7 %), cifra inferior en 10 puntos a 2018 (22,9 %).


Táboa 6. Severity Assessment Code SERGAS 2019

SAC 1	20	1%
SAC 2	123	5%
SAC 3	463	20%
SAC 4	512	22%
SEN SAC	1189	52%

- Seguridade do paciente **Listaxe de verificación cirúrxica (LVQ)**

A LVQ é unha ferramenta clave para diminuír a incidencia de erros no quirófano, diminuír a morbimortalidade e mellorar as habilidades non técnicas do equipo cirúrxico.

Desde a implantación da listaxe de verificación cirúrxica na área sanitaria, a porcentaxe de LVQ correctamente cubertas segue unha traxectoria ascendente ao longo dos anos, aínda que non alcanza o obxectivo do 100 %. No *check-list* cirúrxico existe un apartado de observacións no que se pode reflectir o motivo polo cal non se cubre algún ítem (nenos, pacientes con dificultades para a comunicación...). No ano 2018, cubriuse o 83 % de todos as LVQ en toda o Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés (ASPS); agora ben, o verdadeiro cambio será se de verdade somos capaces de vincular de forma indefectible, inmediata e con *feedback* os resultados en seguridade.



- Infeccións relacionadas coa asistencia sanitaria Programas Zero (pneumonía, bacteriemia, resistencia)



Os programas Zero teñen sentido lonxitudinal. Nunha visión ano a ano, pode levar a distorsións porque teñen sentido no seu conxunto e a longo prazo. Hai que ter en conta que para o diagnóstico de infeccións ligadas a dispositivos empréganse en medicina preventiva criterios European Centre for Disease Prevention and Control (E-CDC), utilizados no estudo EPINE.

Na nosa organización participan a Unidade de Coidados Intensivos (UCI) e a Unidade de Reanimación, do Servizo de Anestesia.

Servizo de Coidados Intensivos: no ano 2018, a densidade de incidencia acumulada en resistencia Zero (TAXA DE PACIENTES con BACTERIAS MULTIRRESISTENTES en INGRESOS >48 h) en UCI foi de 3.05 e en REA de 1.8. A taxa acumulada en España era de 4.16 e en Galicia de 1.49. En ITU, a DI (densidade de incidencia) foi <2.7 por mil. En UCI, en 2018 foi de 4.75 e en 2019, de 2.84, fronte a 2.64 en Galicia e 2.62 en España. As taxa de incidencia (TI) de infeccións nosocomiais relacionadas coa utilización de dis-

positivos invasores na UCI están dentro do estándar na pneumonía asociada a ventilación mecánica (1.7 / 1000 días de ventilación mecánica). Na infección urinaria relacionada con sonda uretral, 2.2 infeccións por cada 1000 días de sonda, e nas bacteriemias asociadas con catéter vascular, 1.3 infeccións por cada 1000 días de catéter.

Os cocientes de utilización de dispositivos invasores durante o ano 2019 foron elevados nos accesos vasculares e os habituais nos de ventilación mecánica (VM) e sonda urinaria.

Unidade de Reanimación. Servizo de Anestesia: a TI de infección nosocomial na utilización de dispositivos invasores está por baixo das 1.2 infeccións por 1000 días de VM. A ITU, 0.4 / 1000 días de sondaxe vesical, por baixo do estándar (1.3), e das bacteriemias asociadas a catéter vascular, 0.6 infeccións por cada 1000 días de catéter, por baixo do estándar (1.2). A taxa de incidencia de bacteriemia primaria foi inferior ao estándar (0.9 infeccións por cada 1000 días de catéter vascular). Os cocientes de utilización de dispositivos invasores foron elevados no caso das sondas vesicais e dos catéteres vasculares e normais en VM. Hai que ter en conta que como indicador de bacteriemias, se se inclúen as de orixe descoñecida (sen foco coñecido), modificaríanse os resultados.

- Infeccións relacionadas coa asistencia sanitaria **Programa de fomento da hixiene de mans**



O 5 MAIO celebramos o DÍA INTERNACIONAL DA HIXIENE DE MANS cunha Guía de hixiene de mans para pacientes, familiares e visitantes, á vez que un Q-Boletín especial.

Realizáronse avaliacións periódicas no programa de fomento da hixiene de mans. No ano 2018, o resultado foi do 50 %, o que supón o límite de que esta medida se cumprise regularmente. Por grupos profesionais, a porcentaxe de cumprimento das normas foi do 46 % entre facultativos, 52 % na enfermería, 44 % entre técnicos en coidados auxiliares de enfermería (TCAE) e 58 % entre outros grupos. No marco do Plan de Obxectivos (ADX) realizáronse dúas avaliacións puntuais, mentres que o Servizo de Medicina Preventiva

realiza avaliacións periódicas. En 2019 (obxectivo ADX), os maiores valores na adherencia á hixiene de mans corresponden a TCAE e profesionais de enfermería. O momento que necesita mellora é antes de realizar a tarefa aséptica. O enfoque de autoprotección xustificaría a maior adherencia noutros momentos (Táboa 10).

A mellora vén por comparación. Recentes intervencións multimodais exitosas poderían servir de referencia (por exemplo, o Hospital de Alcorcón¹⁰). As intervencións formativas illadas, sen continuidade, se non forman parte dun plan, non teñen grande impacto. Máis alá da formación en si mesma, trátase de crear unha contorna emocional propicia para recibir a formación en prevención, vixilancia e control das IRAS. Por exemplo, a intervención que realizou o Hospital del Mar, de Barcelona, valeulle o Premio Europeo á Excelencia na Hixiene de Mans¹¹; utilizou a metodoloxía cualitativa concept mapping na formación mediante a chamada metodoloxía ILU.

- Infeccións relacionadas coa asistencia sanitaria **CÓDIGO SEPSE**



Sensibilización e información: elaboráronse carteis informativos como fluxogramas de sospeita (nas unidades de hospitalización e urxencias), cartóns de peto con algoritmos de activación, que se difundiron entre os profesionais e na Intranet.

Informouse na Intranet con *topics* “En que consiste”, accesos directos ao libro e con algoritmos, como activalo e como axudar o equipo do Código sepse para a recollida de datos (existe unha persoa por servizo que colabora voluntariamente co equipo de traballo para completar os rexistros e facer *feedback* cos profesionais que o activan) etc.



Formación: difusión do CÓDIGO SEPSE. Realizáronse actividades formativas en todos os servizos mediante sesións clínicas para os médicos e a través do Programa 5+5 para a enfermería.

Desenvolvemento: creouse un equipo técnico para a posta en marcha e o desenvolvemento do proxecto. Creáronse equipos de traballo no CHUP e no Hospital do Salnés. Elaboráronse grupos de correo para a remisión de información. Leváronse a cabo sesións de formación e información trimestral dirixidas a profesionais de urxencias, especialidades médicas, cirúrxicas, unidades de coidados críticos e atención primaria.

Avaliación: elaboráronse informes trimestrais desde a Subdirección de Humanización, Calidade e Atención á Cidadanía. Activáronse máis de 181 códigos en 2019 (entre os activados e as sepse ingresadas en UCI e REA sen activación do Código sepse). A activación de alerta do Código sepse ten un valor de predictivo do 90 %.

Táboa 7. CÓDIGO SEPSE ACTIVADO POR SERVIZO DE INGRESO

UCI	44 %	35
REA	30 %	
MEDICINA INTERNA	13 %	
NEUMOLOXÍA	8 %	
ONCOLOXÍA	2 %	
TOTAL		

Táboa 8. Cronograma. Principais fitos en calidade e seguridade clínicas 2019

XAN.	FEB.	MAR.	ABR.	MAI.	XUÑ.	XUL.	AGO.	SET.	OUT.	NOV.	DEC.
Premios Calidade e Seguridade											
Premio FDSIP Seguridade do Paciente			Premios BEST IN CLASS.						Premios Best in Class 2019. Consellería: recoñecemento polas 14 candidaturas		I PREMIOS ACIS INNOVACIÓN EN SAÚDE
Principais actividades formativas e de sensibilización en calidade e seguridade											
Programa Código seipse: UCI URXENCIAS	Programa Código seipse: UCI URXENCIAS	Programa Código seipse: UCI URXENCIAS	Xornada de portas abertas para os residentes Código seipse: TRA ACV	Día Mundial da Hixiene de Mans. Q-Boletín: especial	NODOS INNOVACIÓN Código seipse: ANR-REA	Programa Lean para a mellora do proceso de mostras no Servizo de Hematoloxía		Código seipse: ANR-REA	Código seipse: CAR NML END. O novo decreto trouxo a creación da Subdirección de Humanización, Calidade e Atención á Cidadanía	Código seipse: GIN NRL REU HACKATON	Xornada de Seguridade no bloque cirúrxico Q-Boletín
Principais actividades avaliación e mellora en calidade e seguridade											
ISO 9001:2015 Auditorías Internas. IHAN: Reacreditación Hospital do Salnés	Auditoría Unidade de Enfermidade Inflamatoria -Dixestivo. Fase 2 SINASP: 3 equipos de atención primaria	SINASP Rolda de seguridade nas unidades de críticos (UCI-REA)	Actualización do Manual de procedementos operativos	Programa Cirurxía segura Certificación GETECCU Servizo de Dixestivo	Rolda de seguridade nas unidades de críticos (UCI-REA)	Rolda de seguridade nas unidades de críticos (UCI-REA) Día				ISO 9001: DERMATOLOXÍA	
Seguimento ADX Calidade	Seguimento ADX Calidade	Grupo de traballo Programa "Non facer". Alegacións ADX	Medicina interna: HS. Avaliación de riscos	PROGRAMA INNOVACIÓN: Nodos-SSCC	Seguimento ADX Calidade	Programa Desnutrición Zero					

CARA AO NOVO GRAN MONTECELO

Accións e cronogramas en calidade asistencial

Diminución da variabilidade da práctica clínica Proxecto: Implementación “Non facer”.

Participación na priorización das recomendacións seleccionadas nos grupos de traballo. Consegur que o cambio de cultura en canto ao non uso dalgunhas prácticas clínicas sexa efectivo.

Diminución da variabilidade da práctica clínica Desnutrición Zero.

Programa **Desnutrición Zero** (programa galego para a optimización da terapia nutricional especializada no paciente crítico). Inicio do plan de implantación. Designación do equipo de coordinación “Programa para a optimización de terapias nutricionais nos pacientes críticos”.

Certificación e acreditación de servizos ou unidades e actividades: ISO

Promoveuse a obtención e mantemento das certificacións ou acreditacións dos servizos clínicos e non clínicos, coordinando e monitorizando as accións para a súa consecución xunto con cada un dos servizos implicados. Renovamos as normas ISO 9001 nos Servizos de Farmacia, Análises Clínicas, Microbioloxía, así como a Unidade de Arquivos, no Servizo de Admisión; laboratorio de hematoloxía, no Servizo de Hematoloxía e Hemoterapia, así como a Unidade de Esterilización. Destacar a nova incorporación á norma ISO 9001 do Servizo de Dermatoloxía.

Certificación e acreditación de servizos ou unidades e actividades: GETECCU.



Tamén destacar a certificación GETECCU da Unidade de Enfermidade Inflamatoria Intestinal, do Servizo de Dixestivo.

37

Certificación e acreditación de servizos ou unidades e actividades: Servizo de Medicina Intensiva.



CERTIFICADOS DE CALIDADE POR CUMPRIR AS RECOMENDACIÓNS DOS PROXECTOS “TOLERANCIA ZERO” NO MANEXO DE PACIENTES CRÍTICOS: SEMICYUC - Sociedade Española de Medicina Intensiva, Crítica e Unidades Coronarias. Avalía como óptimos os resultados obtidos nos últimos anos.

- **Certificación e acreditación de servizos ou unidades e actividades:** normalización dos protocolos.

Ademais de incorporar novos protocolos (Anexo 1), actualizáronse os manuais de procedementos operativos. Accesibles na Intranet > documentación común.

Están establecidas normas de redacción e uns requisitos mínimos na elaboración e aprobación de protocolos, para que estean normalizados e sexa posible realizar o seu seguimento ou avaliar o seu grao de cumprimento. De igual modo, tamén se actualizou o PROCEDIMENTO XERAL PARA A XESTIÓN E CONTROL DA INFORMACIÓN DOCUMENTADA.

Calidade e seguridade clínica cara ao novo Montecelo

- **Certificación e acreditación de servizos e unidades e actividades:** Outros recoñecementos en calidade.

Anosa organización presentou candidaturas para o recoñecemento no ámbito da calidade. Entre outros, resultamos finalistas nos premios BIC (premio á mellor UNIDADE DE PSORIASIS), Fundación Avedis Donabedian, Premios Fundación Signo (Programa RAC –Recepción, Acollida, Clasificación–) na Unidade de Endoscopias do Servizo de Dixestivo, Premios Merck etc. Quereamos difundir a nosa cultura en mellora da calidade e seguridade clínica.

Conseguimos estupendos resultados, ratificados por distintas organizacións: Premios Sham de Xestión do Risco Sanitario.

PREMIOS INNOVA HEALTH CARE IESE_mar 2019_FINALISTA. CATEGORÍA I: Cuestionario CMBD2 para unha prescrición de saúde dixital a e-senior chronics.
www.healthcaremanagementcenter.com

Mellora da satisfacción do usuario.

Realizáronse enquisas de satisfacción de usuarios internos e externos. Convocáronse as XORNADAS DE PORTAS ABERTAS PARA FUTUROS RESIDENTES (Anexo 2). A avaliación da satisfacción rozou a excelencia (4 sobre 5). De forma periódica, avalíase o cliente interno, os provedores e os clientes externos dentro das normas ISO 9001; como exemplo, a enquisa de satisfacción no Servizo de Análises Clínicas¹⁴ e tamén para os seus clientes internos ou no Servizo de Microbioloxía¹⁵¹⁶. Destacar unha enquisa realizada sobre a percepción de información e seguridade clínica entre pacientes e profesionais na Unidade de Alerxia.



CARA AO NOVO GRAN MONTECELO

Certificando con calidade

Establecéronse medidas e obxectivos por etapas; acompáñase o cronograma cos principais fitos para unha coordinación cos distintos dispositivos asistenciais.

Levouse a cabo unha primeira etapa de sensibilización, outra de diagnóstico da situación e finalmente realizouse unha avaliación e mellora.

Accións de comunicación e sensibilización

¿Tienes una idea que puede mejorar el sistema sanitario?
Recuerda que cualquier pequeño cambio puede ser importante

Hackathon Pontevedra Challenge

LUGAR: AULAS DE DOCENCIA
Día: 21 de noviembre (13:30h)
METODO: en grupos de 2-3 personas, desarrolla una idea para presentar a los premios de innovación de ACIS. Nosotros te ayudamos

39

Dicembro 2019: Xornada de seguridade do paciente no bloque cirúrxico. Hospital Montecelo.

HACKATHON: Sesión de Innovación.

DÍA MUNDIAL DA SEGURIDADE DO PACIENTE. Participación do paciente na seguridade clínica.

Día Internacional da Sepse. Rolda da Seguridade en UCI e Reanimación.

Na área de formación colectiva relacionada con calidade e seguridade clínica, destacar o Programa Lean para a mellora do PROCESO DE MOSTRAS no laboratorio de hematoloxía.

Avaliación e mellora

Realizouse o **seguimento e avaliación periódica do Acordo de Xestión (ADX)**. En 14_XANEIRO_18 feb 2020_ 17_xullo_2019 púxose en marcha e a *posteriori* levouse a cabo a avaliación dos obxectivos de calidade mediante os indicadores de calidade e seguridade.

A orientación pasou por manter as Normas ISO e, á súa vez, promover a participación e mellora dos servizos a partir das normas de acreditación que as propias sociedades científicas definen

Calidade e seguridade clínica cara ao novo Montecelo

para determinadas unidades. Así, os criterios na Unidade de Alerxia, o Servizo de Cirurxía e o Servizo de Urxencias do Hospital do Salnés axudan a establecer un camiño cara á mellora, cun sentido máis clínico, tal e como a norma 9001 achega.

- Normas de acreditación das sociedades científicas:
 - Reacreditación mediante a avaliación externa da acreditación IHAN do Hospital do Salnés.
 - Auditoría de certificación da Unidade de EII (fases 1 e 2).
 - Avaliación preliminar para a acreditación da SEAIC (Unidade de Asma Grave): 100 % dos criterios básicos e máis do 70 % dos recomendados.
 - Servizo de Cirurxía Xeral e Dixestiva: acreditación da Sociedade Española de Coloproctoloxía.
 - Servizo de Urxencias do Hospital do Salnés: Norma SEMES.
- Normas de certificación:

Renovamos todas as Normas ISO 9001 e tamén a 14001, despois de que o ano anterior se fixese a adaptación cara ás novas edicións. Tamén conseguimos sumar por vez primeira un servizo clínico-cirúrxico (Servizo de Dermatoloxía).

- Outras accións de avaliación e mellora:

Rolda de seguridade na UCI e no Servizo de Reanimación Posanestésica.

40

Grupo de acción hospitais sen fume. En toda a área Sanitaria.

Grupo de acción “Hospitais sen fume” en toda a área sanitaria: a intervención na área sanitaria contribuíu a diminuír nun 6 % o número de usuarios e nun 20 % o número de traballadores que fuman en áreas indebidas. Constituíuse o EQUIPO TÉCNICO DE TRABAJO PARA GARANTIR O CONTROL E CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS DERIVADAS DA PROHIBICIÓN DE FUMAR NOS CENTROS SANITARIOS.

Grupo de traballo: Programa Recomendacións “Que non facer”.



